PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000910	CPR Plurilingüe Casa de la Virgen	Cangas	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Música e danza	3º Pri.	1	35

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 3

3.1. Relación de unidades didácticas 4

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 5

4.1. Concrecións metodolóxicas 13

4.2. Materiais e recursos didácticos 14

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 14

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 14

6. Medidas de atención á diversidade 15

7.1. Concreción dos elementos transversais 16

7.2. Actividades complementarias 17

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 18

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 19

9. Outros apartados 19

1. Introdución

Esta programación vai dirixida á área de Música e Danza. Como se recolle no Decreto 155/2022 a música é connatural ao ser humano desde a orixe dos tempos, é de especial relevancia na educación primaria porque contribúe ao desenvolvemento global do alumnado en múltiples dimensións: sensorial e psicomotriz, intelectual, social e comunicativa, emociona e comunicativa, estética e creativa e da autonomía. Isto desencadena mecanismos que permiten desenvolver distintas capacidades que inflúen directamente na formación integral do alumno.
Propoñemos unha programación inclusiva que favoreza a autonomía do alumnado no traballo escolar, que consolide as aprendizaxes fundamentais nunha contorna cooperativa e integradora prestando especial atención á autonomía e o reforzo positivo.
O alumnado ao que vai dirixida esta programación está formado por 10 alumnos. O número de alumnas é 6 e de alumnos 4.Todo o alumnado procede do 1º ciclo de EP. Analizando as cualificacións que fan referencia á área de Música e danza, todo o alumnado ten superados os obxectivos da área. Todos promocionaron do 1º ao 2º ciclo.
O alumnado neste periodo está en plena fase de maduración cognitiva, sendo capaces de desenvolver un pensamento lóxico sobre os obxectos físicos. Neste periodo comezan a diferenciar os cambios que se producen na súa contorna.
O uso das tablets, representa unha práctica innovadora que representa unha oportunidade para aplicar metodoloxías activas, que sitúan o alumnado como protagonista do proceso.

Análise dos resultados do curso anterior:
Todo o alumnado procede do 1º ciclo de EP. Analizando as cualificacións que fan referencia á área de Educación artística, todo o alumnado ten superados os obxectivos da área, como se reflicte na acta da avaliación final.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Recoñecer os elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras, para chegar á comprensión das diferentes manifestacións culturais e artísticas.								2-4
OBX3 - Investigar sobre de diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia	3	3	2	1	4	3		1-2
OBX4 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1			2	1-5	2	1	3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1-5	3	3			2	1-3	3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	¡Actívate con la música!	O marco no que se inscriben os contidos da unidade é o que vén marcado polo obxectivo de desenvolvemento sostible que pretende garantir unha vida saudable e promover o benestar para todos e en todas as idades. Non cabe a menor dúbida do efecto reparador que pode chegar a ofrecer a música en situacións de tensión ou estrés para neutralizar os efectos do apresuramento e a vertixe que caracteriza ás grandes cidades. Polo tanto, consideramos que é importante reflexionar sobre a importancia de levar unha vida saudable, e os beneficios que nos poden achegar á saúde as actividades musicais. Pero tamén pode ter un efecto de estímulo que nos activa en momentos de abatemento ou fatiga. O título da unidade, Actívate coa música! invítanos a poñelo en práctica coas distintas actividades que compoñen esta unidade.	35	14	X		
2	¡Ven a la fiesta!	Un dos grandes inconvenientes das grandes urbes é todo aquilo que se deriva do que poden carrexar as grandes aglomeracións de cidadáns en determinados momentos. Nesta unidade preténdese reflexionar sobre a organización de eventos culturais, tales como concertos ou desfiles musicais, de xeito sostible e menos contaminantes. Cabe lembrar algúns dos requisitos para lograr unha cidade sostible que gardan relación con este escenario que propomos. Un deles é o de facilitar o acceso dos	35	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	¡Ven a la fiesta!	cidadáns aos equipamentos públicos básicos (transporte público, recollida selectiva de refugallos, promover a reciclaxe, etc.). A pregunta formulada pretende por en situación os alumnos e alumnas nas festas das cidades e vilas.	35	12		X	
3	Recicla con ritmo	A intención educativa desta última unidade é aproveitar a perspectiva de vacacións de final de curso e a máis estreita relación dos nosos nenos e nenas coa natureza, xa sexa na praia, na montaña ou no campo. Unha vez situados nese contexto, van ter a oportunidade de observar a pegada do maltrato que lamentablemente imos deixando no planeta, cuxas consecuencias inciden de forma crecente no cambio climático. O obxectivo do desenvolvemento sostible que nos propuxemos na unidade leva a palabra «acción», algo que nos impulsa a ir alén de lamentar de forma pasiva o estado crítico do planeta e propor medidas nas que por medio da música e de forma activa cheguemos a concienciar a poboación. Por iso, convidámolos a crear unha campaña de concienciación mediante un anuncio musical, utilizando a música dunha das cancións aprendidas durante a unidade.	30	9			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	¡Actívate con la música!	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Distinguir entre un son grave e agudo. Recoñecer as figuras musicais coas súa duración: negra, corcheas, semicorcheas, branca e redonda.	PE	50

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas musicais, explorándoas con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Diferenciar entre oír e escoitar. O pulso, o compás, a altura, a clave, o pentagrama, a escala.Coñecer as notas musicais e a súa presentación nun pentagrama. A Frauta doce: Control postural, respiración, dixilitación das notas Interpretar la canción DO, RE, MI.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas escénicas e performativas, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Realiza o porfolio pax 28,29 con corrección.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Saber tocar, coa frauta doce as partituras, propostas no libro e nas fotocopias entregadas	TI	50
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas musicais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Identificar un compás binario, ternario. Expresarse corporalmente a través dunha canción e a súa letra. Tocar a frauta notas agudas, graves ou medias e o compañeiro debe saber reproducir con movementos o son que escoita, como se indica no libro.		
CA2.4 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas musicais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	É capaz de distinguir nunha grabación realizada coa súa tablet os diferentes sons que aparecen: da natureza, dos humanos ou de máquinas.		
CA2.6 - Compartir as experiencias creativas musicais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Mostra respecto e valora, tanto ao traballo do seu equipo como do resto dos seus compañeiros.		
CA3.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Aprende e reproduce unha canción tradicional (panxoliña) coa súa voz ou cun instrumento, valorando a importancia da súa transmisión.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, e mostrando confianza nas capacidades propias.	Observa, aprende e xoga cos sons agudos, graves ou medios da frauta, acompañando aos movementos que fai un compañeiro que lle indica que son debe interpretar.		
CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Practica o compás binario mentres canta unha panxoliña e identifica o pulso máis forte.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Escoita e acompaña con palillos como se indica, buscando dous sons de forma que un sexa máis agudo que outro e completa os pulsos.		
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da expresión corporal e diferentes técnicas artísticas.	Aprende coa frauta a nota si e escoita e interpreta a canción "Navidad en mi ciudad".		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación elemental de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de grafías convencionais e non convencionais. - O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario e ternario en fragmentos e pezas musicais seleccionadas. - Vocabulario específico de uso común en música. - Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación e improvisación guiada a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais. - Vocabulario específico de uso común nas artes escénicas e performativas. - Aproximación aos elementos básicos da representación escénica. Roles, materiais e espazos. - O corpo e as súas posibilidades motrices e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral, como medio de expre - Técnicas básicas dramáticas e dancísticas de uso común. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Linguaxes expresivas básicas. Actos performativos elementais. Improvisación guiada. Interese, práctica e confianza nun mesmo. - Capacidades expresivas e creativas de uso común da expresión corporal e dramática. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.

UD	Título da UD	Duración
2	¡Ven a la fiesta!	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas musicais, explorándoas con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Recoñece os intrumentos de percusión (Orff de pequena percusión). Sabe clasificalos según a forma de obter o seu sonido: frotando, axitando ou golpeando. Identificar os instrumentos de láminas e a altura do sonido que emiten segundo o seu tamaño.	PE	50
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas musicais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Recoñecer o tempo e o compás en calquera partitura.. Tipos de compases segundo o número de tempos que contén cada compás. Identificar auditivamente ritmos en compás cuaternario		
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Sabe cantar a canción " La máscara" ao mesmo tempo que a interpreta.	TI	50
CA1.4 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Baila a danza tradicional de Canarias "El paseíto de don Tomás", Vals de las flores, Pasos de baile e Le basque. Coñece a grandes compositores como Émile Waldteufel, Chuck Berry, Chaikovski,, Marin Marais.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Saber interpretar cancións coa flauta doce, onde se traballe dende a nota DO ata o SI.		
CA2.3 - Utilizar elementos básicos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	Interpreta combinacións rítmicas de 8 pulsos, con grafías non convencionais, de sons fortes e pianos, outras de sons longos e curtos e outras de sons agudos		
CA2.5 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe musical e diferentes técnicas artísticas.	Interpreta pasos de baile mentras move o resto do corpo libremente. Explorando o movemento do corpo a través da danza, a dramatización e a representación teatral como medios de expresión e diversión.		
CA2.6 - Compartir as experiencias creativas musicais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Explora as características o compás cuaternario co bote da pelota. Mostra respecto e valora tanto ao traballo do seu equipo coma o do resto dos seus compañeiros.		
CA3.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación escénica e performativa, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Describe os pasos da coeografía "Sinfonías para las cenas del rey".		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Comparte sensacións producidas ante as manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas propostas identificando diferenzas e similitudes entre elas.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, e mostrando confianza nas capacidades propias.	Individualmente realiza movementos corporais que representen as diferentes emocións traballadas.		
CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa, verbalmente e por escrito, os sentimentos e emocións experimentados trala interpretación de pequenas coreografías seleccionadas.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participa en grupo na creación dunha pequena coregrafía que inclúa unha parte para a improvisación libre.		
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da expresión corporal e diferentes técnicas artísticas.	Participa nun grupo que deseña e interpreta unha pequena coreografía sobre unha música elixida e que empregue representación corporal das 6 emocións traballadas.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas escénicas e performativas, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Goza coas experiencias creativas realizadas explicando parte do proceso e o final obtido.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical. - O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación elemental de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de grafías convencionais e non convencionais. - O tempo, o carácter e a dinámica: identificación dos máis característicos. - O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario e ternario en fragmentos e pezas musicais seleccionadas. - Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. - Vocabulario específico de uso común en música. - Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación e improvisación guiada a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. - Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos básicos na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. Recoñecemento e utilización do silencio na interpretación musical.

Contidos
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical. - Estratexias básicas de recepción activa. - Vocabulario específico de uso común nas artes escénicas e performativas. - Principais profesións vinculadas ás artes escénicas e performativas. Recoñecemento básico. - O corpo e as súas posibilidades motrices e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral, como medio de expre - Técnicas básicas dramáticas e dancísticas de uso común. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Linguaxes expresivas básicas. Actos performativos elementais. Improvisación guiada. Interese, práctica e confianza nun mesmo. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática

UD	Título da UD	Duración
3	Recicla con ritmo	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descobre propostas musicais que transmitan sorpresa ou aversión. Recoñece diferentes emocións transmitidas nas diferentes propostas seleccionadas. Identifica e compón ritmos de compases cuaternarios. Identifica na flauta a duración e a altura.	PE	45
CA1.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas musicais, explorándoas con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Posicións da flautra doce. Creación dunha melodía coas notas DO, RE, MI, SOL, LA.. Fononimias de mi sol la do re Cancións : Duende, " Al jardín de la alegría". Notas da escala musical, situalas nun pentagrama.		
CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Identifica visualmente e representa no pentagrama: notas do, re, mi, fa, sol, la, si e do agudo. Realiza ditados de 8 pulsos: rítmicos (negra, silencio negra e dobre corchea) e melódicos (mi e sol).		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Comparte sensacións producidas ante as manifestacións culturais e artísticas musicais propostas identificando algunha diferenza e similitude entre elas. Interpreta a canción galega " O gato metido nun saco"	TI	55
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Saber tocar, coa frauta doce as partituras propostas no ibro e nas fotocopias entregadas.		
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas musicais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa, verbalmente e por escrito, os sentimentos e emocións experimentados trala interpretación de pequenas obras musicais seleccionadas.		
CA2.5 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe musical e diferentes técnicas artísticas.	Coñecer instrumentos de láminas doutras culturas, construídos con diferentes materiais Experimenta e elabora en grupo un listado de instrumentos e obxectos sonoros, incluindo de refugallo e/ou reciclaxe, que poden servir para expresar emocións ou potenciar a súa representación.		
CA2.6 - Compartir as experiencias creativas musicais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Goza coas experiencias creativas musicais realizadas explicando parte do proceso e o final obtido.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades musicais.		
CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Recoñece nas representacións escénicas e performativas propostas as diferentes emocións identificando cada unha delas.		
CA3.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación escénica e performativa, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Describe algún dos pasos da canción ¡Oh Susana!, escoita e observa.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa, verbalmente e por escrito, os sentimentos e emocións experimentados trala interpretación de pequenas coreografías seleccionadas.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participa en grupo na creación dunha pequena coregrafía que inclúa unha parte para a improvisación libre.		
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da expresión corporal e diferentes técnicas artísticas.	Participa nun grupo que deseña e interpreta unha pequena coreografía sobre unha música elixida e que empregue representación corporal das 6 emocións traballadas.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas escénicas e performativas, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Goza coas experiencias creativas realizadas explicando parte do proceso e o final obtido.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades escénicas e performativas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias básicas de recepción activa. - O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación elemental de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de grafías convencionais e non convencionais. - A voz e os instrumentos musicais. Principais agrupacións e familias. Identificación visual e auditiva. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado. - Estratexias básicas de análises de propostas musicais desde unha perspectiva de xénero. - Vocabulario específico de uso común en música. - Recursos dixitais de uso común para música. - Construción elemental guiada de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna, especialmente de reciclaxe, e exploración das súas posibilidades sonoras. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical. - Manifestacións básicas vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. - Estratexias básicas de análises de propostas escénicas e performativas desde unha perspectiva de xénero. - Recursos dixitais de uso común para as artes escénicas e performativas.

Contidos
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante - O corpo e as súas posibilidades motrices e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral, como medio de expre - Capacidades expresivas e creativas de uso común da expresión corporal e dramática. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática

4.1. Concrecións metodolóxicas

Afrontarase dous tipos de metodoloxías combinadas ao longo do curso.
Unha metodoloxía tradicional onde o profesor e o que presenta os contidos que o alumno vai a traballar e outra metodoloxía activa, innovadora onde o profesor será un mediador e guía, e o alumno o centro da aprendizaxe.
Os alumnos terán que explorar e investigar, buscando información para resolver as cuestións que se lle indiquen. Debatirán entre eles, na procura da resolución das propostas plantexadas. Utilizarán as súas tablets coas apps instaladas e outros recursos que lle ofrece o medio.Fomentando neste tipo de traballo a interacción entre os compañeiros.
Polo tanto combinarase o traballo individual co traballo en grupo.
Darase importancia a unhs hábitos de traballo, fundamentais para o longo do curso: organizar o traballo e o tempo, ter a man o material necesario para traballar.
Os grupos de traballo en equipos serán heroxéneos, mixtos e diversos.
A aula estará organizada de distintas formas dependendo a actividade que se vaia a realizar: En forma de U, en filas de 1 no traballo individual ou en equipos de 3 ou 4 persoas.
En cada unha das sesións, e con independencia do traballo específico a tratar nelas, o establecemento dunha rutina en cada unha delas permitirá desenvolver e brindarlle ao alumnado:
-Automatización nalgunhas cuestións a tratar ao longo deste último nivel do 2º ciclo e do resto da etapa, axudando a aportar seguridade e confianza en si mesmo.
-Aclimatación dende o comezo da sesión como enfoque preparatorio para esta, a través da relaxación, atención e concentración, logrando, paralelamente, o emprego do silencio e da recepción activa, tan necesario para calquera das actividades a realizar na sesión.
A tal fin, esta rutina adicará, alomenos, uns minutos (entre 5 e 10), especialmente ao inicio de cada sesión, a traballar o seguinte, e, de xeito xeral, por esta orde e de pé:
-Consciencia e colocación da postura corporal
-Dixitación das notas traballadas na frauta.

Para a optimización da súa impartición, empregarase como recurso, o blog de música e a Aula Virtual de Música. Nesta o alumnado poderá acceder a:
-recursos dixitais empregados na clase e/ou para levar a cabo tarefas encomendadas
-vídeos de interpretación (voz, instrumentos e/ou danza) para aprendizaxe e/ou repaso
-ligazóns de interese relacionadas coa materia
-outras que poidan ir xurdindo ao longo do curso

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Encerado dixital, proxector, altavoces, etc.
Ordenador
Caderno do alumno
Frauta doce
Instrumentos de percusión de altura indeterminada.
Blog da clase https://musica3cv.blogspot.com/
CD con cancións tradiionais e as súas partituras.
Estoxo

- Libro- Caderno do alumnado e proposta didáctica.
- Libro dixital.
- Páxina web: http://www.anayaeducacion.es.
- Recursos web para a unidade.
- Apuntes da clase
- Frauta doce.
- Audios de Cancións tradicionais coas súas partituras.
- Blog de música: https://musica3cv.blogspot.com/

O alumnado deberá ter, traer e facerse responsable do seu material e a limpeza deste (frauta, carpeta de fundas para fichas, apuntes) e estoxo.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Revisados os informes individualizados do noso alumnado, levarase a cabo unha proba co fin de coñecer o punto de partida real deste curso; de especial interese é a información deste ampliada por parte das persoas titoras do curso anterior ao ser posible unha reunión presencial con estas dado que continúan no equipo docente do centro.
Esta avaliación inicial levarase a cabo na 1ª e/ou 2ª sesión/s, para poder establecer uns criterios claros do nivel mínimo da clase en xeral, e de cada alumna/o en particular.
Dita proba consistirá en:
- Charla e preguntas realacionadas coa materia, para observar o alcance dos seus coñecementos e
- Posicións das notas na frauta doce e a súa afinación.

Este servirá de partida para o traballo do curso.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**35**	**35**	**30**	**100**
Proba escrita	50	50	45	**48**
Táboa de indicadores	50	50	55	**52**

Criterios de cualificación:

As probas que se utilizarán serán diversas e así a súa puntuación:
- Os traballos en grupo deberán ser entregados a tempo e as actividades propostas na clase deberán estar completas (Bailes, cancións, vídeos elaborados...)
- Proba escrita onde se dará 1 punto para cada unha das actividades que forman un exercicio ou polo conxunto de apartados que formaría cada número da proba escrita, sempre e cando a suma total dos puntos sume 10, senón a valoración sería a parte proporcional.
- Proba práctica coa frauta doce onde deberá tocar as cancións propostas para cada trimestre e lectura dunha partitura proposta. Facendo coa nota obtida, media coas notas das probas escritas.
- As fotocopias entregadas con actividades para realizar deberán estar completas, seguindo as pautas de presentación explicadas.
- Valorarase a participación do alumno/-a na clase e o seu esforzo persoal. Engadindo ata un 10 % a nota media optida nas probas realizadas. Un mal comportamento baixará a nota, así como un bo comportamento poderá subila.
- Baixará nota non traer o material da clase de música: frauta, apuntes, etc.

Comportamentos reiterados de mal comportamento poden facer que o alumno/-a non supere a materia.

Criterios de recuperación:

- Farase unha avaliación continua, onde se recordarán os contidos aprendidos no trimestre anterior. Polo tanto, a media das probas realizadas se supera o 5, recuperarán o trimestre anterior.
- Valorarase o esforzo persoal do alumno, así como o seu comportamento engadindo ou restando ata un10% da nota final.
- Chegado ao final do curso se non tivese a materia aprobada, realizarase unha proba final que lle servirá de recuperación.
- Se precisa axuda e así o pide, reforzarase durante os recreos.
- Tamén poderase ,propoñer preguntas de reforzo ou repaso que deberá entregar para superar a materia.

6. Medidas de atención á diversidade

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo; por iso realizaranse actividades a distinto nivel:
- Actividades fotocopiadas con palabras en negriña, que facilitan a súa comprensión e atención.
-Actividades programadas para todo o grupo.
-Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.
-Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.
-Xogos/Actividades adicionais para aquel alumnado que remate antes as tarefas individuais/grupais da clase.

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.
No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.
Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma máis sinxela de facelas.
No caso de alumnado con altas capacidades ampliaranse os seus coñecementos debido á súa rápida aprendizaxe.

Alumnado inmigrante con descoñecemento da lingua, tanto de incorporación ao inicio como ao longo do curso: solicitarase levar a cabo a valoración polo Departamento de Orientación para determinar o nivel curricular. Establecerase Reforzo Educativo, para o cal non se precisa necesariamente intervención do DO; traballarase máis na comunicación a través de imaxes e no aspecto da recepción e na vivencia musical e da danza, de xeito que se faga fincapé na integración e inclusión deste tipo de alumnado co resto da clase.
Dependendo da casuística do alumnado cómpre ter en conta diferentes consideracións á hora de traballar, tales como: emprego de grafías de maior tamaño; priorización dalgunha das linguaxes e/ou formas de comunicación: oral, escrita, visual e/ou táctil; énfase no aspecto de índole globalizador, coordinación motriz, lateralidade e/ou psicomotricidade fina, etc.
Con alumnado con deficiencias auditivas cómpre diferenciar entre aquel hipoacústico, co que o obxecto principal é desenvolver a audición no marco da linguaxe, interpretando cancións e exercicios de discriminación auditiva, e o anacúsico, co que o obxectivo principal é estimular a lectura de beizos e axudarlles na súa toma de conciencia sobre as vibracións que o rodean, para o que se lle axudará, sobre todo, cos sentidos da vista e do tacto.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos		X	
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible			X
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X
ET.10 - Educación en valores	X	X	X

Observacións:

Aínda que todos os elementos trasnsversais poderían relacionarse con todas as unidades, marcamos solo aquelas unidades nas que o elemento transversal está presente dun xeito moi claro.
Traballaranse segundo a programación de aula ainda que a un ritmo acorde coas capacidades e destrezas do alumnado.
Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas áreas, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as disciplinas.
Na programación de aula non están programados como contidos a ensinar, senón que se traballarán en todas as áreas e serán tidos en conta ao longo de toda a actuación educativa: á hora de organizar a aula, de facer agrupamentos do alumnado, de seleccionar lecturas e materiais, de poñer en marcha estratexias que permitan a colaboración e o protagonismo dos/as alumnos/as máis desfavorecidos e establecendo plans que permitan superar as dificultades, así como a desenvolver e potenciar as habilidades.
E os outros temas transversais se traballarán a través dos proxectos de centro e da propia clase.
- Proxecto "Tecendo redes moradas"
- Proxecto " O Coidado do planeta"
- Proxecto "Endesa Educa dixital: Salvemos o Mundo"
- Proxecto valor do Centro deste ano " A PACIENCIA".

Ademais poderase participar noutros proxectos que poidan aparecer a longo do curso e resulten interesantes para a formación do alumnado.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Aprender cancións de xeito cantado, de tradición galega e clásicas	Participar no acto das letras galegas	X	X	X
Practicas coa frauta as partituras das cancións explicadas en clase	Para participar no festival de Nadal	X	X	X
Saída ao auditorio para ver algunha obra ou actuación	Apreciar a interpretacións artísticas.	X		
Elaboración de instrumentos con material de refugallo, participando no Proxecto "O coidado do planeta" do centro	Aprender a importancia da reciclaxe			X
Coreografías para as distintas festividades	Aprender coreografías para interpretar en público	X	X	
Colaborar nos Proxectos que se realicen na clase como: "Proxecto Endesa Educa Dixital: Salvemos o Mundo"	Elaborar ou engadir música aos traballos do proxecto.	X	X	X
Festival de Fin de Curso	Concerto de todo o centro (con coreografías e interpretacións musicais do alumnado)			X

Observacións:

Colaborarase en tódolos actos do colexio, interpretando, bailes, cantando cancións, tocando a flauta, engadindo música aos proxectos, elaborando música, etc.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Préstase atención aos elementos transversais plantexados?
Máis do 80% do alumnado superou a materia?
Metodoloxía empregada
Elabóranse diferentes actividades segundo o nivel de desenvolvemento do alumnado?
Infórmase ao alumnado dos resultados obtidos nas diferentes probas?
Usáronse distintos instrumentos de avaliación?
Cumpriuse a temporalización inicialmente establecida?
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Aproveitáronse os recursos dos que dispón o centro?
Medidas de atención á diversidade
Ofréceselle ao alumnado as explicacións individuais que precisan?
Infórmase ao alumnado dos erros cometidos nas diferentes probas, tarefas ou actividades?
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas?
Clima de traballo na aula
Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoiouse a implicación das familias no traballo do alumnado?

Descrición:

Neste apartado preténdese promover a reflexión da práctica docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento da programación didáctica.
Para iso, proponse uns criterios que serán os seguintes:
Os criterios serán os seguintes:
- Os obxectivos establecidos foron conseguidos na súa totalidade pola maioría dos alumnos/-as.
- Os contidos foron axeitados.
- Os materias empregados foron suficientes.
- O tempo empregado foi o necesario.
- A metodoloxía empregada foi adecuada.
- Cousas que se podrían cambiar ou mellorar.
- Observacións.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Avaliaremos ao finalizar o curso ou trimestralmente a temporalización prevista na programación. No caso de non cumprir esta temporalización, analizaremos as posibles causas e proporemos as medidas correctoras necesarias para acadar a temporalización prevista na seguinte avaliación ou, se estamos na última avaliación, para incluír as modificacións necesarias na programación do vindeiro curso.
Dentro das razóns reais que deberemos analizar para saber o porqué non somos capaces de manter a temporalización prevista, son, entre outros, os seguintes:
- Número e duración das actividades propostas.
- Nivel de dificultade das actividades propostas.
- Interese e motivación do alumnado
-Tipo de actividades propostas.
- Existencia de efemérides.
- Medidas de atención á diversidade previstas.
- Participación en programas externos.
- Metodoloxía que se aplica.

9. Outros apartados

1. Accións de contribución a Plan TIC

Plan TIC:
O emprego de:
- O blog da clase (deberán saber enviar calquera traballo dixital feito nas tablets ao blog da clase),
- O libro dixital (saber manexalo no seu estudo).
- Das tablets (utilización de apps para presentar un problema inventado, visualizar vídeos tutoriais, búsqueda de información,etc)
- Enviar traballos a través do Airdrop.
- Uso dos navegadores para búsqueda de información necesaria para a realización dun traballo proposto.

2. Accións de contribución a Plan de Convivencia

Plan TIC:
O emprego de:
- O blog da clase (deberán saber enviar calquera traballo dixital feito nas tablets ao blog da clase),
- O libro dixital (saber manexalo no seu estudo).
- Das tablets (utilización de apps para presentar un problema inventado, visualizar vídeos tutoriais, búsqueda de información,etc)
- Enviar traballos a través do Airdrop.
- Uso dos navegadores para búsqueda de información necesaria para a realización dun traballo proposto.